



JDA/gpm

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 12/05/2015 09:49:31

SAÍDA 44777 / RX 615563



Á vista das dúbidas plantexadas por algúns centros en relación co disposto no apartado 8º da *Instrución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a organización da docencia e a avaliación e cualificación dos módulos de "Formación en empresas, estudos e/ou talleres" e de "Proxecto integrado" nos ciclos formativos de grao superior de "Fotografía", "Gráfica publicitaria" e "Ilustración"*, do 16 de marzo de 2015, compre precisar o seguinte:

1º.- Ao obxecto de facer compatible o disposto no parágrafo sexto do apartado 2º da citada instrución coa solicitude achegada por parte do alumnado afectado, dunha segunda convocatoria a realizar antes do 3º trimestre do seguinte ano académico, os centros nos que se imparten os citados ciclos formativos de grao superior poderán convocar e organizar unha 2ª convocatoria para a superación do módulo de "Proxecto integrado" antes do remate do 1º trimestre do ano académico seguinte, segundo o calendario escolar que corresponda.

2º.- Á dita convocatoria poderá concorrer unicamente o alumnado que teña realizado, presentado e non superado o módulo de "Proxecto integrado" ao longo do 3º trimestre do ano académico anterior.

O que lle comunico aos efectos que proceda.

Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2015



Subdirector Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial

Srs. Directores/a das EEASSD "Antonio Faílde", "Mestre Mateo", "Pablo Picasso", "Ramón Falcón" e CPAAAPP "Aula -D"

